



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### A Formación Profesional

Materia	A Formación Profesional			
Código	V02M066V07225			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Formación Profesional. Sector Primario e Secundario			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	8	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Garrido González, Josefa			
Profesorado	Fernández Riveiro, Miguel Anxo Garrido González, Josefa González Pazos, José Manuel			
Correo-e	jgarrido@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia "Formación Profesional" facilita a adquisición dos coñecementos suficientes sobre o sistema de Formación Profesional vixente en España, que abrangue tanto a FP regrada como a FP para o Emprego. Garantirase pois o estudo das diferentes modalidades en que se organiza a FP Regrada, tendo en conta a normativa e o desenvolvemento curricular galego así como a análise das especialidades de profesorado da FP. Por último, analizaranse os distintos programas educativos europeos que posibilitan o intercambio de experiencias entre docentes e estudantes nun contexto internacional.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B13	Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino
B14	Coñecer e analizar as características históricas da profesión docente, a súa situación actual, perspectivas e interrelación coa realidade social de cada época.
B16	Traballar en equipo con outros profesionais da educación, enriquecendo a súa formación.
B18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas a contornas educativas novas ou pouco coñecidos.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñece a estrutura da Formación Profesional no Sistema Educativo e a súa homologación co resto dos subsistemas de FP.	B13
Identifica os distintos niveis de concreción curricular dende o DBT ao currículo adaptado ao grupo clase.	B13 C4 C8 D1 D2
Coñece a estrutura curricular dos ciclos de FP no sistema educativo, atendendo as diferenzas na súa regulación polas leis educativas (LOGSE, LOE e LOMCE).	B13 B14
Distingue a oferta de FP Regrada: réxime ordinario, de adultos (oferta modular) e a distancia.	B13 B14
Analiza os proxectos experimentais na FP Dual en Galicia.	B4 B13 B16 D1 D2 D3
Valora o plurilingüismo vixente no sistema educativo galego e determinar as características básicas das seccións bilingües en FP.	B4 B13 D1 D2 D3
Comprende o proceso de acreditación de competencias.	B4 B13 B16 B18 C4 D1 D2
Identifica as características básicas dos programas europeos destinados ao alumnado e profesorado da FP, Leonardo e Erasmus, e adquirir as destrezas necesarias para poder formalizar solicitudes a estes programas.	B4 B13 B18 D1 D2 D3

**Contidos**

Tema	
1. A FP EN ESPAÑA:	1.1. Cualificacións: INCUAL, catálogo nacional de cualificacións, unidades de competencia. 1.2. Subsistemas da FP: FP no sistema educativo e FP para o Emprego 1.3. FP e experiencia profesional: acreditación de competencias (ARA) 1.4. Inserción Laboral como profesor de FP no sistema educativo público e privado: especialidades de profesorado (PS e PT). 1.5. Análise da lexislación vixente: ciclos LOGSE vs LOE, normativa estatal e desenvolvemento curricular galego
2. A FP NO SISTEMA EDUCATIVO	2.1. FP de Base e FP Específica. 2.2. Ciclos formativos de grao medio e superior. 2.3. Formación Profesional Básica. 2.4. FP Dual. 2.5. FP de Adultos: presencial e a distancia. 2.6. Plurilingüismo: linguas vehiculares; seccións bilingües e ciclos plurilingües
3. PROGRAMAS INTERNACIONAIS NA FP	3.1. Erasmus + 3.2. Mobilidades de estudantes. 3.3. Mobilidades de persoal 3.4. Outros programas e accións

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	11	0	11

Traballo tutelado	3	30	33
Resolución de problemas	21	100	121
Exame de preguntas obxectivas	0	2	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	28	32
Observación sistemática	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación por parte dos profesores da materia utilizando as presentacións que o alumnado terá á súa disposición na plataforma de e-learning moovi. A materia conta con dous profesores que atenderán as dúbidas e consultas, dinamizando as clases presenciais e atendendo ao traballo autónomo do alumnado.
Traballo tutelado	Proporanse actividades para que o alumnado teña que intervir de forma oral na clase e deseñaremos actividades para fomentar o traballo en equipo.
Resolución de problemas	

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Enviar Traballos tutelados Proporanse actividades para que o alumno teña que intervir de forma oral na clase e deseñaremos actividades para fomentar o traballo en equipo.
Resolución de problemas	

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas obxectivas	Adquiríronse os contidos teóricos. Proba tipo test (o erro non resta do valor da cuestión)	40	B13 B14		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas e exercicios propostos polos docentes (4 exercicios, 2 por docente)	40	B4 B13 B14 B16 B18	C4 C8	D1 D2 D3
Observación sistemática	Participación activa nas sesións.  Participouse amosando interese, puntualidade, realizando cuestións en clase e participando de forma activa nos debates e intercambios de opinións sobre os temas propostos polos profesores.	20	B4 B13 B14 B16 B18	C4 C8	D1 D2 D3

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### CRITERIOS PARA AVALIACIÓN CONTINUA

- TEST 40% (o erro non penaliza)
- EXERCICIOS MOOVI 40% (4 exercicios, 2 por docente)
- PARTICIPACIÓN 20%
  - Participouse amosando interese, puntualidade, realizando cuestións en clase e participando de forma activa nos debates e intercambios de opinións sobre os temas propostos polos profesores.

A cualificación será a suma das puntuacións obtidas (media ponderada), sen que se requira un 5/10 en todos os instrumentos

#### CRITERIOS PARA AVALIACIÓN GLOBAL

Destinatarios: alumnado que perda o dereito á avaliación continua por ter superado o 20% de faltas de asistencia ou aquel que non superou a avaliación continua durante o período ordinario das clases e que, polo tanto, deban asistir ao [exame] na data establecida pola universidade. Data de entrega e realización: con anterioridade a data e hora marcada pola UVigo para o [exame], o alumnado terá que subir a Moovi os exercicios encomendados. O día e hora do [exame] realizará o

cuestionario e a exposición oral.

- TEST 60% (cada erro penaliza 0.25/1)
- EXERCICIOS MOOVI 20% (4 exercicios, 2 por docente)
- EXPOSICIÓN ORAL DUN DOS EXERCICIOS dundos 4 exercicios subidos a Moovi, acompañada de presentación audiovisual: 20%

A cualificación será a suma das puntuacións obtidas (media ponderada), pero cun mínimo exixible para cada instrumento. Debe obter un 5/10 en cada un deles (test, exercicios e exposición)

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

RELACIÓN DA NORMATIVA RELATIVA A FP (estatal e galega, <https://www.edu.xunta.gal/fp/normativa>,  
DESENVOLVEMENTO CURRICULAR GALEGO PARA A OFERTA FORMATIVA DE FP, <http://www.edu.xunta.gal/fp/curriculos>,

#### **Bibliografía Complementaria**

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Formación e Orientación Laboral/V02M066V08229

---

### **Outros comentarios**

Para poder acollerse á avaliación continua a través de actividades na aula virtual é preciso asistir ás aulas nun 80% do tempo presencial cun aproveitamento axeitado. Aquel alumnado que non conte coa citada porcentaxe de asistencia, terá que realizar a probas indicadas no apartado de avaliación en criterios para alumnos non asistentes, nas datas establecidas oficialmente para a primeira convocatoria e, se é o caso, para a segunda.

Os documentos e arquivos dos traballos e tarefas do curso serán dispostos, en tempo e forma segundo os prazos programados, por cada alumna e cada alumno no seu espazo persoal respectivo na aula virtual do curso en FAITIC, en formatos de código aberto ou de visores libres.

---